

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: SECRETARÍA XERAL

SUMARIO:

Orde do 22 de xullo de 2008 pola que se fai pública a lista dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril), para ingreso no corpo de mestres, así como o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

TEXTO:

De conformidade co disposto na base 11 da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril) os órganos de selección publicaron as relacións de aspirantes seleccionados, por orde de puntuación, e á vista de ditas publicacións, esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.- Facer pública, no anexo I que se xunta, por especialidades e número de orde nesa especialidade, a relación dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde de 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril).

Segundo.- Facer pública, no anexo II que se xunta, por especialidades, a relación de aspirantes que conseguiron unha nova especialidade.

Terceiro.- Os destinos que obteñan os opositores que se relacionan no anexo I desta Orde terá carácter provisional, e estarán obrigados a participar, no seu momento, nos seguintes concursos de traslados que se convoquen ata obter destino definitivo dentro do ámbito de xestión directa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cuarto.- Os que, por estar cumprindo o servizo militar ou por outra causa e que, a xuicio da Secretaría Xeral, necesiten aprazamentos da súa incorporación á fase de prácticas, unha vez que sexan chamados, deberán solicitalo por escrito ante a Secretaría Xeral adxuntando os documentos

xustificativos.

Quinto.- Os opositores seleccionados, relacionados no anexo I, deberán presentar ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a documentación que se relaciona na base décimo segunda da Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16 de abril), no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte ó da publicación.

Sexto.- Entenderase que renuncian ó procedemento selectivo os opositores seleccionados que non se incorporen ó destino no prazo de 5 días, unha vez elixido.

Sétimo.- A Secretaría Xeral adoptará tódalas medidas precisas para o desenvolvemento desta Orde.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2007
CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Laura Sánchez Piñón